CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN E A ENTIDADE RÍAS BAIXAS DE COMUNICACIÓN, SA, EDITORA DO XORNAL "ATLÁNTICO", PARA ELABORAR E PUBLICAR INFORMACIÓN RELACIONADA CON ESTRATEXIAS, PROGRAMAS E/OU INICIATIVAS DA CONSELLERÍA QUE RESULTEN DE INTERESE PARA A CIDADANÍA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, que actúa no exercicio das competencias que ten atribuídas pola Orde do 10 de xuño de 2016 da Consellería de Economía, Emprego e Industria sobre delegación de competencias en diversos órganos desta consellería (DOG núm. 131, do 12 de xullo de 2016), **DECLARA:**

Que esta Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación formalizou coa entidade RÍAS BAIXAS DE COMUNICACIÓN, SA o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 11 de febreiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións de colaboración entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación e a entidade Rías Baixas de Comunicación, SA ppara elaborar e publicar tres reportaxes ou entrevistas relacionadas coa innovación, a dinamización empresarial ou o mercado de traballo .

Achegar novas oportunidades á sociedade, especialmente ás persoas residentes e/ou cun vínculo laboral ou empresarial con Vigo e a súa área metropolitana, para que coñezan os programas e as liñas de apoio que a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación pon a súa disposición.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Os medios de comunicación social son institucións esenciais para o proceso de formación da opinión pública e, polo tanto, para o correcto funcionamento das institucións democráticas e

CVE: etB08vYPe0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

desempeñan un papel de intermediario natural entre a información e cantos non están en condicións de coñecela directamente, papel que se acrecenta con respecto a acontecementos que pola súa entidade poden afectar a todos e por iso acadan unha específica resonancia social.

A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación considera de interese para a sociedade galega no seu conxunto potenciar a información e o coñecemento da situación actual da investigación, da industria (incluída a forestal), do comercio, do consumo, da eficiencia enerxética, da innovación e a dinamización empresarial na comunidade autónoma tanto pola incidencia que ten para o futuro económico do país como para a vida cotiá dos cidadáns.

Por outra banda, a entidade Rías Baixas de Comunicación, SA realiza unha labor de información e comunicación na área de influenza que abrangue a súa distribución das actuacións da administración autonómica, en xeral, e da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación en particular, por considerar de importancia a difusión, entre os seus lectores, de aspectos relacionados coas materias da competencia dela.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto e, a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, considérase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria,

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente na data que figura na marxe

O secretario xeral técnico

Pablo Casal Espido

Asinado por: CASAL ESPIDO, PABLO
Cargo: Secretario Xeral Técnico
Data e hora: 04/03/2021 13:34:17

CVE: etB08vYPe0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve